

## **RESUMO DA SESIÓN DO CONSELLO DE GOBERNO DO DÍA 14 DE DECEMBRO DE 2004**

Ás 10.00 horas en segunda convocatoria, na Sala do Consello de Goberno da Reitoría, A Maestranza, comeza a sesión ordinaria do Consello de Goberno presidida pola Excma. Sra. Vicerreitora de Investigación D<sup>a</sup>. Concepción Herrero López, por ausencia do Excmo. Sr. Reitor D. José María Barja Pérez, que asiste a unha reunión do Consello Galego de Universidades para tratar o anteproxecto da lei xeral do sistema universitario de Galicia, e se incorpora ás 11 horas asumindo a presidencia, de acordo coa orde do día que figura no **ANEXO I**.

### **1. INFORME DO REITOR**

A Sra. Vicerreitora de Investigación informa da reunión do Padroado da Fundación Universidade da Coruña o 18 de novembro de 2004, en que se aprobaron os orzamentos e se nomeou Presidente ao Sr. Reitor, Vicepresidente ao Sr. Presidente do Consello Social e Secretaria á Sra. Secretaria Xeral da UDC. Tamén informa da reunión do Padroado da Fundación Río do Pozo o 10 de decembro de 2004, en que se presentou a memoria de actividades e información dos proxectos para o ano próximo. Esta foi a primeira reunión presidida polo Sr. Reitor e tivo lugar no CIT. Informa así mesmo da reunión do Consello Galego de Universidades para a aprobación do plano de financiamento e da reunión do Consello de Coordinación Universitaria para informar os decretos de grao e de máster, así como da visita da Ministra da Educación, Ciencia e Tecnoloxía da República Dominicana, coa cal foi asinado un protocolo de intencións.

A Sra. Vicerreitora de Investigación dá a palabra ao Sr. Vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica, quen informa cumpridamente dos termos do plano de financiamento asinado entre as tres universidades e a Xunta de Galicia, resaltando as vantaxes que supón e as novidades que incorpora.

A Sra. Vicerreitora de Investigación dá a palabra ao Sr. Vicerreitor de Ferrol e Relación Universidade-Empresa, quen informa da sinatura da Cátedra Indítex-UDC o 19 de novembro de 2004, que ten o obxectivo de promover e difundir a responsabilidade social corporativa. A comisión de seguimento está integrada por D. Antonio Abril Abadín e polo mesmo vicerreitor. Nas actividades que se van realizar preténdese aproveitar a experiencia da empresa no tema, que ten xa moi avanzado. Tamén informa da resolución, o 20 de novembro, da convocatoria 2004 de axudas para parques científicos e tecnolóxicos, en que a UDC recibe un anticipo reembolsable de 1.776.000 euros para financiar proxectos FEDER. Lembra que o 26 de novembro se presentou o Observatorio Ocupacional da UDC con datos do curso 2002/03, con moi boa acollida, e que o obxectivo é ter unha boa enquisa dos egresados nos últimos cinco anos. Realizouse a IV Semana Galega do Emprendedor, no marco do fomento da cultura emprendedora, do 30 de novembro ao 2 de decembro. Tivo lugar tamén a Semana da Ciencia e da Tecnoloxía da UDC, colaborando coa Fundación Universidade da Coruña, a Xunta de Galicia e o Ministerio de Educación. Informa da resolución dos

Premios González Llanos de investigación naval, que quedou deserto, e Concepción Arenal de Humanidades, concedido a D. Juan L. Montero Fenollós, profesor desta universidade, quen presentou un proxecto sobre a Torre de Babel.

A Sra. Vicerreitora de Investigación dá a palabra á Sra. Vicerreitora de Organización Académica, quen informa dos nomeamentos de D<sup>a</sup>. Pilar García de la Torre como Directora da Universidade Sénior e D<sup>a</sup>. María del Pilar Millor Arias como subdirectora da Universidade Sénior no Campus de Ferrol.

A Sra. Vicerreitora de Investigación dá a palabra ao Sr. Vicerreitor de Extensión Universitaria e Comunicación para informar da resolución do I Premio Luísa Villalta de Iniciativas Normalizadoras na UDC, convocado para fomentar a investigación e apoiar as iniciativas innovadoras no campo da normalización lingüística.

A Sra. Vicerreitora de Investigación dá a palabra ao Sr. Vicerreitor de Profesorado, quen informa da 2<sup>a</sup> convocatoria anual de prazas de profesorado contratado e da convocatoria para a obtención das acreditacións da Axencia Galega de Calidade.

A Sra. Vicerreitora de Investigación dá a palabra ao Sr. Vicerreitor de Calidade e Harmonización Europea, quen informa da posta en marcha dunha comisión integrada polos vicerreitores de Profesorado, Organización Académica, Investigación e Calidade para manter reunións periódicas cos equipos decanais co fin de analizar o posgrao no Sistema Universitario Galego, así como da próxima reunión coas Universidades de Santiago e de Vigo para debater o mapa de titulacións de posgrao en Galicia. Informa tamén da finalización das dúas primeiras fases de instalación do Wi-fi e da próxima finalización dos traballos previstos para este ano para o paso á rede gigabit. Sinala a alta demanda do plano de apoio ao ensino, que pon en marcha un plano complementario para os docentes que non puideron participar por falta de prazas. Informa da posta en marcha da avaliación dos servizos, co propósito de avaliar 17 e certificar ISO 9000 cinco deles, e resalta que a UDC é a única universidade que xa rematou a avaliación das titulacións.

A Sra. Vicerreitora de Investigación dá a palabra á Sra. Secretaria Xeral, quen informa do normal desenvolvemento das eleccións a representantes de estudantes no Claustro, a representantes de estudantes, PAS e profesores non funcionarios nas Xuntas de Centro e a representantes dos estudantes, investigadores e lectores nos Consellos de Departamento, que tiveron lugar o 1 de decembro. Tamén informa do cesamento de D. Juan Ares Casal como director do Departamento de Tecnoloxías da Información e as Comunicacións, substituído por D. Alejandro Pazos Sierra, do cesamento de D. Vicente Beceiro Veiga como subdirector da E.T.S. de Náutica e Máquinas, substituído por D<sup>a</sup>. Rosa María de la Campa Portela, do cesamento de D<sup>a</sup>. Ángela Lera Navarro como secretaria da Facultade de CC. da Educación, substituída por D<sup>a</sup>. Pilar Couto Cantero, D. José Leira López como director do Programa de Actividade Cultural do Campus de Ferrol, do cesamento de D. Fernando Bellas Permy como secretario do Departamento de Tecnoloxías da Información e as Comunicacións, substituído por D. Fidel Cacheda Seijo, e do cesamento de D. Pablo Gens como coordinador da Área de Relación

Universidade-Empresa, con data 30 de novembro, por abandonar a Universidade da Coruña, e dos nomeamentos de D<sup>a</sup>. Alicia Risso Míguez como coordinadora do Programa de Avaliación Docente e de D<sup>a</sup>. Mercedes Varela Doval como delegada do Centro Universitario de Riazor. Tamén foi nomeado o vicerreitor de Infraestruturas e Xestión Ambiental como representante da UDC na Comisión Territorial de Patrimonio Histórico Galego da Coruña par substituír a D. José Ramón Soraluze Blond.

## **2. APROBACIÓN, SE PROCEDER, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR ORDINARIA, CELEBRADA O 20 DE OUTUBRO DE 2004**

**Apróbase** por asentimento a acta da sesión do Consello de Goberno ordinaria do día 20 de outubro de 2004.

## **3. APROBACIÓN DE CONVENIOS**

A Secretaria Xeral informa sobre os convenios que figuran no **ANEXO II** desta acta.

Os convenios son **aprobados** por asentimento.

## **4. VALIDACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO**

O Sr. Vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica informa sobre a validación de expedientes de gasto, que foi informada favorablemente na Comisión de Asuntos Económicos.

A validación de expedientes de gasto **apróbase** por asentimento.

## **5. APROBACIÓN DE COMISIÓN DE SERVICIOS**

O Sr. Vicerreitor de Profesorado informa sobre a comisión de servizos solicitada por D<sup>a</sup>. Ángela Lera Navarro, profesora titular de universidade do Departamento de Didácticas Especiais, para traballar como subdirectora xeral de deportes da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado o curso 2004/05, que foi informada favorablemente pola COAP.

Esta comisión de servizos é **aprobada** por asentimento.

## **6. MÁSTERS E POSGRAOS**

A Sra. Vicerreitora de Organización Académica informa sobre as propostas de modificación e de nova implantación dos seguintes másters e posgraos: modificación dos cursos de posgrao en produtos financeiros derivados, en fisioterapia manipulativa articular, en fisioterapia respiratoria e de especialista en enfermaría de empresa, modificación do máster en xestión de carteiras e mercados financeiros, implantación dos cursos de especialización en xestión e auditorías de calidade e en xestión e auditoría

medioambiental, dos cursos de posgrao en xestión integrada de calidade e medio ambiente, en prevención de riscos laborais, en fisioterapia neurolóxica, en dirección integrada de proxectos e en comercialización internacional de contidos audiovisuais, e dos máster en enxeñaría municipal e en xestión integrada de calidade, medio ambiente e prevención de riscos laborais. A Sra. Vicerreitora informa de que non se implantarán novos másters ou cursos ata a aprobación do novo Regulamento de estudos de posgrao.

As propostas de modificación e de nova implantación de másters e posgraos **apróbanse** por asentimento.

## **7. PRESENTACIÓN DO ANTEPROXECTO DE ORZAMENTOS PARA O ANO 2005**

O Sr. Vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica informa de que, en cumprimento do disposto no artigo 111.5 dos Estatutos da Universidade da Coruña, ao Reitor correspóndelle presentar o anteproxecto de orzamentos ao Consello de Goberno e que, para cumprir unha promesa electoral, as liñas xerais do orzamento foron presentadas ao Claustro do 13 de decembro de 2004. Procede á exposición detallada do orzamento.

Ábrese unha quenda de intervencións, participando os Sres. Núñez Sal, Pedreira Andrade, Blanco Filgueira, Valderruten Vidal, Puertas e Fernández Cervantes.

**Apróbase** por unanimidade o anteproxecto de orzamentos para o ano 2005 recollido no ANEXO III.

## **8. APROBACIÓN DE PRAZAS DE PROFESORADO**

O Sr. Vicerreitor de Profesorado informa das necesidades que obrigan a convocar as seguintes prazas de profesorado: de profesor titular de universidade interino de substitución para a Área de Enxeñaría Mecánica do Departamento de Enxeñaría Industrial 2 pola excedencia voluntaria de D<sup>a</sup>. Paz Morer Camo; de profesor asociado de substitución T3 P5 para a Área de Xeografía Humana do Departamento de Humanidades pola excedencia voluntaria de D. Pedro Armas; de profesor asociado de substitución P6 para a Área de Estatística do Departamento de Matemáticas pola baixa de maternidade de D<sup>a</sup>. Graciela Estévez Pérez; e de catedrático de escola universitaria interino de substitución para a Área de Dereito Civil do Departamento de Dereito Privado polas baixas de maternidade de D<sup>a</sup>. Natalia Álvarez Lata e de paternidade de D. Fernando Peña López.

**Apróbase** por asentimento a convocatoria das prazas de profesorado.

## **9. MODIFICACIÓN DO ACORDO RELATIVO Á PRÓRROGA DOS CONTRATOS DOS PROFESORES AXUDANTES DOUTORES**

O Sr. Vicerreitor de Profesorado informa sobre as razóns da proposta de modificación do acordo relativo á prórroga dos contratos dos profesores axudantes doutores.

A proposta **apróbase** por asentimento, de modo que o acordo queda redactado como segue: “os axudantes doutores contratados ao abeiro do previsto no apartado 3 do artigo 34 da LRU que finalicen o seu contrato quedarán vinculados, sen solución de continuidade desde a data de vencemento do seu contrato, mediante un contrato laboral de duración máxima de 1 ano, co fin de que poidan integrarse nalgunha das categorías de profesorado previstas na LOU”.

#### **10. MODIFICACIÓN DAS PRAZAS DA RPT F171, F525 E L203**

A Secretaria Xeral informa sobre as modificacións propostas, indicando que a quenda de tarde na praza F171, de axudante de biblioteca, actualmente vacante, permite que na Biblioteca da Casa do Patín se poida dispoñer de ao menos un axudante pola tarde; que incluír o grupo D na praza F525, de administrativo posto base na Escola Universitaria de Relacións Laborais de Ferrol, actualmente vacante, facilita a cobertura temporal do posto mentres non se ocupa con carácter definitivo; e que a eliminación da formación específica da praza L203 responde a unha petición do Comité de Empresa, para facilitar a cobertura do posto. As modificacións propostas foron informadas favorablemente pola Xunta de Persoal Funcionario e o Comité de Empresa, respectivamente, e polo Consello Social.

**Apróbase** por asentimento modificar a RPT nos aspectos indicados.

#### **11. APROBACIÓN DA NORMATIVA PARA A CONTRATACIÓN DE EMÉRITOS**

O Sr. Vicerreitor de Profesorado informa sobre a proposta de normativa para a contratación de eméritos e sinala que foi informada favorablemente pola COAP.

Ábrese unha quenda de intervencións, facendo preguntas e propostas os Sres. Arcay, Narciso de Gabriel, Martínez López, Pedreira Andrade, Parrilla e Vidal Romani, quen solicita que os profesores que levan moitos anos na UDC reciban un tratamento máis favorable, Acórdase engadir un parágrafo que indique que as situacións excepcionais que non cumpran os requisitos serán traídas ao Consello de Goberno.

A normativa para contratación de eméritos que se inclúe no **ANEXO IV apróbase** por asentimento.

#### **12. MODIFICACIÓN DOS ARTIGOS 15.2, 16.2 E DO ANEXO II DO REGULAMENTO ELECTORAL**

A Sra. Secretaria Xeral informa que as modificacións propostas dos artigos 15.2 e 16.2 do Regulamento electoral son froito da experiencia das eleccións do 1 de

decembro, que demostran que non é necesario adiantar por fax máis que a documentación presentada o derradeiro día do prazo fixado. A proposta de modificación do Anexo II responde á necesidade de atender a situación dos departamentos en que un número moi importante dos membros natos, máis do 70%, pertencen a unha das áreas de coñecemento recollidas no anexo III do Real decreto 774/2002, pois a problemática é idéntica que a producida nos departamentos constituídos sobre unha única área das recollidas no devandito anexo III. O Sr. Pedreira Andrade propón que sexa a maioría absoluta e non o 70% dos membros natos.

A modificación dos artigos 15.2 e 16.2, e a modificación do anexo II proposta polo Sr. Pedreira Andrade, **apróbanse** por asentimento.

### **13. CONVOCATORIA DAS ELECCIÓNS DE DECANOS E DIRECTORES DE CENTRO E DIRECTORES DE DEPARTAMENTO**

A Secretaria Xeral informa que unha vez renovados os órganos colexiados corresponde elixir os órganos unipersoais de centro e departamento.

Apróbase por asentimento a convocatoria das eleccións de decanos e directores de centro e directores de departamento segundo as bases e o calendario que se atopan no **ANEXO V**.

### **14. RESOLUCIÓN DE RECURSOS**

A Secretaria Xeral informa do recurso de reposición presentado por D. David Esteban Gómez contra o acordo do Consello de Goberno de 23 de xuño de 2004, por que se aproba a concesión dos Premios Extraordinarios de Doutoramento correspondentes ao curso 2002/03 (titulación de Química), en que alega o seu dereito ao premio fronte aos outros candidatos ao ter a mención de doutor europeo, máis artigos científicos e comunicacións a congresos, unha patente de invención e constar máis impacto científico da súa tese, o que demostraría a maior calidade. Alega tamén infracción do procedemento ao non se expor a proposta provisional. Fixeron alegacións os doutores que obtiveron o premio extraordinario e a comisión xulgadora do centro. Tendo en conta que o procedemento foi respectado, segundo informa a Comisión de Doutoramento, e que a comisión xulgadora cumpriu o establecido no Regulamento de estudos de doutoramento, aprobado pola Xunta de Goberno de 9 de xullo de 1999, valorou as teses e as publicacións científicas dos candidatos dentro da súa marxe de discrecionalidade, propónse rexeitar o recurso de reposición.

A Secretaria Xeral informa dos recursos de reposición, todos idénticos no seu contido, presentados por D. Juan Villar de la Riera, D. Felipe Andreu Barallobre, D<sup>a</sup>. Beatriz Ramirez Pazos, D. Gonzalo Díaz Otero, D<sup>a</sup>. Marta Gómez Linares, D<sup>a</sup>. Cristina Castro y Lorenzo, D<sup>a</sup>. Ángela Otero Rodríguez, D<sup>a</sup>. Nazareth Cendán Gayoso, D<sup>a</sup>. Raquel Castiñeira Castelo, D. José Miguel González Domínguez, D<sup>a</sup>. Estefanía Bañobre Piñón, D. Ignacio Doce Díaz, D. Jorge Perujo Fariña, D<sup>a</sup>. Isabel González Varela, D<sup>a</sup>. María de los Ángeles Romero Díaz, D. Francisco de Asís Pérez de Aragón e D.

Gonzalo Mora do Campo contra o acordo do Consello de Goberno de 20 de outubro de 2004, de convocatoria de eleccións de representantes de estudantes no Claustro. Nos recursos alégase, por un lado, o presunto incumprimento da Disposición transitoria 6ª.1 dos Estatutos da Universidade da Coruña, que establece no seu primeiro apartado que “de acordo co disposto na disposición transitoria segunda, punto 3 da LOU, o claustro universitario continuará coa súa actual composición, cumpridos dous anos desde a publicación destes estatutos no Diario Oficial de Galicia”; e por outro que se convocan 75 prazas, e non 60, que son as que corresponden a unha representación do 20%. A Secretaria Xeral informa que a segunda alegación é incorrecta, posto que se convocaron 60 prazas, e que respecto da primeira a Disposición transitoria 6ª.1 dos Estatutos supón que a composición do Claustro debe manterse ata o 2006, pero iso non significa que o mandato dos estudantes, que sempre foi de dous anos, se prorrogue, debendo renovarse de acordo cos Estatutos, cada dous anos. Por composición os Estatutos entenden as porcentaxes, como se desprende da lectura do artigo 26, e non a identidade dos membros. Proponse o rexeitamento dos recursos de reposición.

A Secretaria Xeral informa do recurso presentado por D. Iván Rivas Pallares e D. Pablo Álvarez Pichel tamén contra o mesmo acordo do Consello de Goberno, alegando a mesma Disposición transitoria dos Estatutos, e sinala que procede a mesma contestación.

Acórdase por asentimento **denegar** o recurso de reposición de D. David Esteban Gómez. Co voto en contra do Sr. Villar de la Riera acórdase **denegar** os recursos presentados por el e outros, e por D. Iván Rivas Pallares e D. Pablo Álvarez Pichel contra o acordo do Consello de Goberno de convocatoria de eleccións de representantes de estudantes no Claustro.

## 15. ROGOS E PREGUNTAS

O Sr. Romero pregunta pola próxima reunión da comisión paritaria co SERGAS e indica a necesidade de que se trate o tema das prácticas. O Sr. Reitor informa de que xa se solicitou a convocatoria.

O Sr. Narciso de Gabriel pide que se atenda a solicitude do seu departamento de cambiar o nome de “Pedagogía e Didáctica das Ciencias Experimentais” a “Pedagogía e Didáctica”. A Sra. Vicerreitora de Organización Académica indica que os departamentos afectados deben aceptar o cambio e logo traerese ao Consello de Goberno.

O Sr. Vidal Romani alude á súa intervención referente ao punto 11 e pon de manifesto que a universidade é para el máis que un posto de traballo. Tamén aproveita para indicar que hai accidentes en Elviña pola deficiente sinalización. O Sr. Vicerreitor de Infraestruturas e Xestión Ambiental indica que xa tivo unha reunión co concelleiro de Tráfico para elaborar un plano de ordenación do tráfico nos campus.

O Sr. Núñez Sal pide información sobre quen ten que pagar aos auxiliares de servizo que abren os centros o sábado para cursos de posgrao. O Sr. Rilo indica que xa foi enviado un escrito ao centro para que informe de que posgraos son os que se benefician da medida, pois eses son os que teñen que afrontar o custo económico.

O Sr. Villar de la Riera solicita a apertura do CUR os domingos e festivos e pola noite en época de exames.

O Sr. Blanco Filguira expón o problema dos auxiliares de servizos que fan horas extraordinarias e non queren ser retribuídos con tempo. O Sr. Xerente indica que o convenio colectivo sinala que as horas extraordinarias serán retribuídas preferentemente con tempo, polo que se cumpre o pactado cos traballadores.

O Sr. Fernández Cervantes pregunta polo pagamento do seguro de responsabilidade civil dos alumnos nos centros clínicos concertados.

Sen máis asuntos que tratar, remátase a sesión ás 14.20 horas.